

Mércores, 19 de outubro de 2022

Núm. 200

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PORRIÑO, O

Persoal, oposicións

*CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES
INTERINOS*

ANUNCIO da convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Emprego, para nomeamentos como funcionarios/as interinos/as, auxiliares, Grupo C, Subgrupo C2.

Mediante resolución de Alcaldía, número 2022-2434 de data 06/10/2022, aprobáronse as bases de selección de persoas, polo sistema de OPOSICIÓN LIBRE, para a constitución dunha Bolsa de Emprego, para nomeamentos como funcionarios/as interinos/as, auxiliares, Grupo C, Subgrupo C2, para os supostos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en relación co artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, entre os que se atopan, entre outros, substituír a empregados/as públicos/as municipais por motivos de incapacidade laboral temporal, vacacións, licencias, permisos e situacións administrativas das previstas na Lei.

O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres (Praza da Antonio Palacios nº 1, 36400 O Porriño), ou de xeito telemático na Sede Electrónica <https://oporrino.sedelectronica.gal> ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de 20 días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO.

As Bases do proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

O Porriño, o alcalde Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES
DOCUMENTO:
Inicio de exposición: 19-10-2022
Data final de exposición: 17-11-2022
O Porriño, a de de

